

EXERCICIOS

1- Indica a relación entre os adxectivos dunha columna e os substantivos da outra.

confuso	forma	fiel	fígado
escaso	paz	san	chumbo
tóxico	educación	mindoniense	ovo
nobre	vellez	ilerdense	fidelidade
florido	escaseza	inmemorable	Mondoñed
apacible	flor	ovíparo	costura
subxectivo	toxicidade	nicranense	tolemia
deforme	nobreza	sulfúrico	Lleida
opaco	confusión	pueril	memoria
vello	opacidade	hepático	saúde
educado	suxeito	inconsútil	Nigrán
culto	análise	viperino	nenos
desexable	fracción	pequeno	tamaño
fraccionario	desexo	plúmbeo	xofre
analítico	cultura	tolo	víbora
sanguinario	sangue	lícito	lei

2- Relaciona cada definición co adxectivo correspondente.

Que manifesta unha actitude orgullosa, arrogante.	inocuo
se pode transformar en arame ou fio.	indolente
non parece verdadeiro.	indisoluble
non vai armado.	indixesto
non foi publicado.	fachendoso
non se pode disolver.	impoluto
non se pode medir.	inerte
aínda non lle saíu a barba.	imberbe
non se dá dixerido ben.	inverosímil
carece de suciedade, extraordinariamente limpo.	inerme
non ten movemento ou actividade propia.	inédito
non é nocivo.	mosense
naceu en Málaga.	inconmensurable
non se interesa ou conmove por nada.	dúctil
naceu en Mos.	malacitano

3. Localiza os adxectivos dos enunciados seguintes.

- A forte paisaxe das fragas e a donda paisaxe dos prados.
- Era o pequeno farol do anano do castelo, que facía a derradeira ronda.
- Fomos indo para Lóuzara, a verdadeira terra dos lobos e das aguias, moi diferente da terra luguesa ou da veiga sarriá, tan verdes e doces.

4. Observas algún erro de concordancia nos seguintes enunciados? Explica os casos de concordancia.

Trouxo unha explicación e unha desculpa increíbles

Recolle ese aro e esa pelota vermellos

Escribiu o libro cunha traballada estrutura e guión

5- Busca os adxectivos que correspondan ás seguintes definicións.

Que expón as cousas dun xeito breve, esquemático.

Que é brincador;

Que lle gusta rebuldar.

Que se pode beber sen perigo para a saúde.

Que causa repugnancia, noxo.

Que acata as ordes, submisivo.

Que non se cre ou difícil de crer.

Que se pode comer.

6- Substitúe as frases preposicionais dos seguintes enunciados polos adxectivos que correspondan.

1. A época *do verán*.....
2. A misa *do domingo*.....
3. Os días *de traballo*.....
4. Amor *de irmán*.....
5. A vida *de cada un*.....
6. Unha persoa *de idade*
7. Un escritor *de moita sona*.....
8. Un home de pouca *estatura*
9. Un curso *de seis meses*.....
10. Labor *de conxunto*.....
11. traballo *da mañá*.....

7. Introduce as partículas comparativas axeitadas

1. As ciencias son ____doadas de aprender ____ a lingua.
2. A Illa de Ons está mellor conservada ____ de Arousa.
3. Ten____ fe____cría.
4. Antes andaba ____farrapento ____ agora.
5. Este país é ____ violento ____ me dixeron.
6. Eses cans sempre andan ____famentos ____ os de Adrián.
7. Tiña ____sona ____ dicían.
8. As augas do Miño tiñan un menor índice de contaminación ____ do Sil.

9. Precisaba ____prestixio ____ tiña.
10. Antía é ____riseira ____ ti.
11. O teu dicionario parece ____completo ____ o meu.
12. Vós sodes ____preguiceiros ____ eles.
13. Os miñatos voan ____alto ____ti quixeses voar.
14. Fixo tantos acenos __min e ____seu pai.
15. As interferencias foron _ numerosas ____ en principio pensou.
16. Vestía como un pallaso de circo porque o xastre lle cosera as lapelas ____ enormes ____orellas dun elefante.
17. A lamprea seméllase ____ á anguía ____ a pescada.
18. Tes o nariz colorado e os ollos ____inchados __ unha ra, tal parece que pillaches a gripe e ademais esbirras __ veces ____días ten o ano.
19. A lámpada alumeaba ____ ____ un cento de bombillas e ____ unha soa.

8. Cambia, se podes, que por ca nas frases seguintes:

1. Non pode pedilo máis que hoxe.
2. Sabe facelo mellor que Xoán.
3. Corre menos que o can.
4. Que o saiba non é problema.
5. Por máis que o queira non llo darei.
6. Dixo que non o quería ver máis.
7. Asegurou que eran máis grandes que os teus.
8. Que veña non me preocupa máis que isto de nada.
9. Soubo que o meu chegaría despois.
10. Que os faga xa, que logo non lle dá tempo.
11. Quero que a coma e que o diga despois se é capaz.
12. Por máis que o avisou non tomou precaucións.

9. Escolle entre ca, que e do que e colócaos nas seguintes frases, e no caso de que haxa varias posibilidades ponas todas:

1. Anda máissupuxen.
2. Sobe máis rápido nunca.
3. Precisa menos axuda ti.
4. Pois agora xa o podes solucionar mellorantonte.
5. É peor nos dixeron.
6. Come máis ovospatacas.

7. Por menosantes xa non paso.
8. Pola mañá entenderá as cousas máis rápidoagora de noite.
9. Menos..... ti e menos min e..... menos todos.
10. Menos..... os teus por suposto.
11. Ninguén é máis amigo..... el.
12. Menos..... cres, e máis..... el esperaba.

10. Cambia nas frases seguintes os casos de superlativo absoluto en casos de relativo, e viceversa:

1. Ao ir pola estrada caeu a tronada máis atronadora que nunca vin nun tramo moi solitario.
2. Fun polo atallo máis curto de cantos hai ata a tenda para chegar o máis axiña posible.
3. Estás moi equivocado se pensas que é tan forte a súa desesperación.
4. Era ben alto pero non chegaba ao andel máis afastado.
5. Comía moitísimos camaróns mentres os demais facían o que podían.
6. No estanco de aquí non tiñan selos e tiveron que ir a outro que estaba lonxe dabondo.
7. Nestas ubérrimas terras calquera planta se dá mellor que noutro lado.
8. É o libro máis vendido desa autora neste ano tan creativo.
9. Sonche ben interesantes as túas apreciacións sobre o exemplar máis destacado.
10. É a árbore máis temperá de entre as da horta, e tamén a máis vistosa delas.

11. Sinala o grao en que está cada un dos seguintes adxectivos:

hipercrítico	amarelento
ubérrimo	superabundante
alto	moi inseguro
ben completo	ancho ancho
pouco feito	sabichón
apagadísimo	ultrarrápido
o máis gracioso entre.....	requetesimpático
moito máis ancho que.....	menos agraciado ca.....
completo	ancho abondo
pequeniño	ricachón

12. Di cal é a forma comparativa e superlativa sintética dos seguintes adxectivos:

alto
baixo
grande
pequeno
bo
malo

13. Sinala superlativos sintéticos para os seguintes adxectivos:

Listo	libre	fácil	nobre
Fiel	cheo	amable	vello
tolo	seguro	célebre	acre
salubre	pobre	rico	cruel
bo	feo	antigo	fértil

14. Indica varias formas posibles de superlativo para os seguintes adxectivos:

bo	preguiceiro	amarelo	negro
babeco	espilido	custoso	groso
delicado	firme	fácil	malo

15. Transforma os superlativos absolutos en relativos e viceversa

1. Martiña comprou unha serie de libros interesantísimos que atopou onte nunha librería do centro.
2. Aínda que tiñan distintos gustos era o grupo máis homoxéneo da clase.
 - a. deputado conservador foi ficar no hotel máis incómodo da vila.
3. Ese xersei que tes aí nese grupo é ben pouco vermello.
4. Entre as obras que concorreron ao certame a túa foi a máis celebrada.
5. Despois de moitas xornadas de viaxe os piratas fixeron unha abordaxe cruelísima.
6. Se ben non era un año, o carniceiro vendeulle un carneiro novo, novo.
7. Os xefes debían pensar que era extremadamente arriscado no seu traballo que non o chamaron.
8. Cando escoitaba o disco máis vello dos que teño fun capaz de me ir moi lonxe no tempo.
9. Colleunos unha chuvascada moi forte e tivemos que nos abrigar no bar máis noxento do barrio.

16. Marca de xeito distinto os adxectivos relacionais e os cualificativos.

- O vento tiraba mazás á auga, e había unha ducia delas, verdes ou coloradas, bailando na espuma espesa e amarela.
- Hai personaxes míticos que configuran toda unha realidade histórica nacional.
- Sorriu con aquel aberto sorriso que lle enchía a franca faciana.

17. Explica a diferenza de significado entre estes dous enunciados.

- Os ciclistas, cansos, refrescábanse á sombra.
- Os ciclistas cansos refrescábanse á sombra.

18 Identifica nestes fragmentos adxectivos e participios.

- Tal e como agora eu vou, vello e anugallado, perdido cos anos o lentor da moza fantasía pónseme no maxín que aqueles días pasados na flor da mocidade, na antiga e longa selva de Esmelle, son só unha mentira.
- O padriño, o irmán máis novo do pai, era groso e pequenote el, máis ben louro, con cara de romano.
- Desde o alto do campanario albíscase o fermoso pazo de Dompíñor, antiga casa dos vellos señores.

19. Corrixе os erros do apócope do adxectivo.

- O seu padriño foi unha grande alma caritativa.
- Deu algúns malos exemplos ao seu irmán.
- Hoxe non é o día de San Froilán nin de Santo Antón ata que sexa Santa Ana non temos nada que celebrar.